



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA, E O CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACIÓN E TECNOLOXÍA MATEMÁTICA DE GALICIA (CITMAGA) PARA A CREACIÓN DE XEMELGOS DIXITAIS PARA O ESTUDIO E PREDICIÓN DA CIRCULACIÓN DE AIRE NO INTERIOR DE MONUMENTOS, NO ÁMBITO DO PROGRAMA RETECH (Redes territoriais de Especialización Tecnolóxica)

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural pretende formalizar co Consorcio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAGA), o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 10 de marzo de 2026.

Que o instrumento convenial ten por obxecto: É obxecto do presente convenio a creación de xemelgos dixitais para o estudo e predición da circulación do aire no interior de monumentos, no ámbito do programa RETECH (Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica) e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – Next Generation EU. Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial que se asinou se fundamenta no seguinte:

Dende o ano 2024 ata o ano 2026 propónse a construción dunha plataforma computacional que permita a visualización dos datos de interese (humidade e temperatura entre outros) e o control dos fluxos de aire en diferentes zonas do interior da catedral de Santiago de Compostela e do templo romano de Santa Eulalia de Bóveda de Mera.

Esta iniciativa forma parte do proxecto trans-rexional Knowledge Heritage Network, o cal busca promover actuacións innovadoras no ámbito do patrimonio cultural. O proxecto enfócase en xerar impacto desde diversas perspectivas: a dinamización económica, a cohesión social e a capacitación dixital tanto de individuos como de institucións. Isto, á súa vez, contribuirá á mellora na eficiencia dos servizo públicos. O obxectivo principal é facilitar a integración e o aproveitamento do potencial das novas tecnoloxías e





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia

CIT
MAGA

CENTRO DE INVESTIGACIÓN
Y TECNOLOGÍA MATEMÁTICA
DE GALICIA

ferramentas dixitais en sectores previamente menos accesibles a estas innovacións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela,

